


# XIX CONCURSO SERÁN DAS LETRAS

DEBUXO

RELATO CURTO

POESÍA



*Letras Galegas*

2024

ORGANIZA



COLABORAN



XUNTA  
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL  
DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA

## **BASES DO XIX CONCURSO SERÁN DAS LETRAS/2024**

1. Establécense as seguintes categorías:
  - **CATEGORÍA A**- de 3 a 6 anos: Debuxo
  - **CATEGORÍA B**- de 7 a 9 anos: Relato curto ou poesía
  - **CATEGORÍA C**- de 10 a 13 anos: Relato curto e poesía
  - **CATEGORÍA D**- de 14 a 18 anos: Relato curto e poesía
  - **CATEGORÍA E**- + de 18 anos: Relato curto e poesía
2. Cada autor/a só poderá presentar un só relato, poesía ou debuxo.
3. Os **debuxos** entregados terán como temática “**A Música**”, e reunirán as seguintes condicións:
  - O tamaño do debuxo é libre e a técnica utilizada tamén.
  - Ten que ser realizado enteiramente polo neno/a.
4. A **poesía ou o relato** presentado deberá reunir as seguintes condicións:
  - Estará escrito en lingua galega.
  - A temática será libre pero deberá facer referencia “**Á Musica**”, incluíndo a mesma no relato ou poesía
  - Deberá ser inédito, incluída a súa publicación na Internet.
  - A súa extensión **non excederá dun folio polas dúas caras** e poderá estar escrito a ordenador ou a man, con letra flexible. En caso de presentarse escrito a ordenador farase coa fonte de texto Arial, no corpo de 12 puntos e marxes normais, os que adxudica Word por defecto.
5. Os relatos poderán entregarse nos seguintes sitios:
  - No departamento de Cultura do Concello de Vedra.
  - Nas conserxerías dos centros educativos (CPI Plurilingüe de Vedra, CEIP Ortigueira), ou nas mesmas escolas unitarias.
6. O prazo de recepción dos debuxos ,relatos e poesías finalizará o **día 10 de maio de 2024**.
7. Entregaranse sen asinar dentro dun sobre grande indicando a categoría na que participa e no mesmo sobre introducirase outro máis pequeno cos seguintes datos persoais da persoa participante: *Nome, apelidos, data de nacemento, correo electrónico e teléfono de contacto*. No caso dos debuxos

que sobre pasen o formato A4 non é necesario que se entreguen dentro do sobre grande, pero si virá acompañado do sobre pequeno cos datos.

8. Os premios que se outorgarán serán os seguintes:

- **CATEGORÍA A-** de 3 a 6 anos: Debuxo
  - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
  - 2º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
  - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 10€
- **CATEGORÍA B-** de 7 a 9 anos: Relato curto ou poesía
  - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
  - 2º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
  - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 10€
- **CATEGORÍA C-** de 10 a 13 anos: Relato curto e poesía
  - 1º PREMIO:** Lote de libros+ vale 40€
  - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
  - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
- **CATEGORÍA D-** de 14 a 18 anos: Relato curto e poesía
  - 1º PREMIO:** Lote de libros+ vale 40€
  - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€
  - 3º PREMIO:** Lote de libros+ vale 20€
- **CATEGORÍA E-** + de 18 anos: Relato curto e poesía
  - 1º PREMIO:** Lote de libros + vale 50€
  - 2º PREMIO:** Lote de libros + vale 40€
  - 3º PREMIO:** Lote de libros + vale 30€

- **Todos/as os/as participantes das categorías A e B levarán un agasallo pola súa participación.**

9. O xurado estará formado por persoas relacionadas co ámbito educativo e cultural do noso concello sendo o seu fallo inapelable. Ningún dos membros do xurado poderá participar neste concurso.

10. O fallo do xurado farase público o sábado 25 de maio a través das redes sociais da asociación e do concello, así mesmo, comunicáráselle ás persoas gañadoras de cada categoría.

11. A entrega dos premios realizarase o 25 de maio de 2024 durante a celebración do SERÁN DAS LETRAS, convocando por categorías ás persoas gañadoras.

12. Calquera dos premios poderá quedar deserto

13. A participación neste Concurso implica a aceptación e o cumprimento de todas e cada unha das súas bases.